



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0860	Próteses sobre implantes	2024/2025	7	157	157
MP0860_12	Piases e implantes dentais para a rehabilitación protésica	2024/2025	7	30	30
MP0860_22	Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas, e próteses sobre implantes	2024/2025	7	127	127

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EMILIO CASAL MARTÍNEZ (Subst.), MARTA FERRÓN GÓMEZ (Subst.)
Outro profesorado	MARTA FERRÓN GÓMEZ

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de elaboración e reparación de próteses sobre implantes, control e aseguramento da calidade, prevención, seguridade e protección.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Interpretación da prescrición facultativa.
- Preparación do equipamento, o material e o instrumental para a elaboración do produto.
- Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas.
- Confección de próteses fixas e sobredentaduras sobre implantes.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorio de prótese dental.
- Industrias dentais ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), ñ) e o) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), o) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Interpretación da prescrición facultativa.
- Manipulación de materiais.
- Realización de enceramento diagnóstico.
- Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas.
- Elaboración de mesoestrutura e supraestrutura.
- Cumprimento das normas de seguridade e hixiene laboral.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Anatomía implantolóxica e osteointegración		10	15
2	Tipos e compoñentes de implantes. Píares		20	15
3	Modelos, obtención		20	10
4	Férulas radiolóxicas e cirúrxicas		36	18
5	Próteses fixas implantosoportadas		35	24
6	Sobredentaduras		36	18

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Anatomía implantolóxica e osteointegración	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Define as características dos implantes dentais en relación coa osteointegración e os materiais utilizados na súa fabricación.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a anatomía implantolóxica.
CA1.2 Clasifícanse os factores condicionantes da osteointegración.



Criterios de avaliación
CA1.3 Enumeráronse os factores (cargas) que actúan sobre os implantes.
CA1.4 Descríbóronse a mecánica e a bioloxía da osteointegración.
CA1.5 Determináronse os requisitos físicos, mecánicos e químicos dos materiais dos implantes.
CA1.6 Relaciónáronse as condicións da superficie do implante cos efectos na dinámica da osteointegración.
CA1.7 Enumeráronse as características que deben cumprir as aliaxes empregadas nas próteses sobre implantes.

4.1.e) Contidos

Contidos
Características da anatomía implantolóxica. Factores condicionantes da osteointegración. Factores que actúan sobre os implantes. Mecánica e bioloxía da osteointegración. Biomateriais para implantes dentais. Superficies dos implantes dentais (recubrimiento superficial). Aliaxes empregadas en próteses sobre implantes.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Tipos e compoñentes de implantes. Piares	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza a estrutura dos compoñentes dos implantes e dos piares, en relación coa rehabilitación protésica.	SI



4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbóronse os tipos de implantes e os seus compoñentes.
CA2.2 Descríbóronse os tipos de piares.
CA2.3 Clasifícaronse os tipos de próteses sobre implantes.
CA2.4 Descríbóronse as indicacións clínicas e as contraindicacións dos implantes.
CA2.5 Seleccionouse o protocolo de laboratorio segundo se trate de próteses unitarias, parciais fixas ou totais sobre implantes.
CA2.6 a disposición para realizar novas técnicas e coñecer novos compoñentes.

4.2.e) Contidos

Contidos
Tipos de implantes. Compoñentes dos implantes. Piares: tipos. Clasificación dos tipos de próteses sobre implantes. Indicacións clínicas de próteses sobre implantes. Contraindicacións absolutas e relativas de próteses sobre implantes. Protocolo de laboratorio. Novos compoñentes e novas técnicas en implantes.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Modelos, obtención	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén o modelo, seleccionando os aditamentos correspondentes segundo a prescrición facultativa.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os datos salientables para interpretar a prescrición facultativa.
CA1.2 Descríbense as características dos materiais de impresión utilizados en implantoloxía.
CA1.3 Relaciónanse os materiais de impresión utilizados coa rehabilitación implantolóxica utilizada.
CA1.4 Realízase o baleiramento de impresións para modelos de estudo e fases intermedias de laboratorio.
CA1.5 Realízase o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o método clásico.
CA1.6 Realízase o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o sistema de férula ríxida de impresión (FRI).
CA1.7 Realízase o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o método indirecto.
CA1.8 Realízase o proceso con precisión, orde e método.

4.3.e) Contidos

Contidos
Prescrición facultativa.



Contidos
Características dos materiais de impresión en próteses sobre implantes.
Características da impresión para modelos de estudo e fases intermedias de laboratorio.
Compoñentes protésicos que se utilizan na toma e no baleiramento de impresións.
Impresión para modelos de traballo: método clásico, sistema de férula ríxida de impresión (FRI) e método indirecto.
Criterios de calidade en cada fase do proceso.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Férulas radiolóxicas e cirúrxicas	36

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora férulas radiolóxicas e cirúrxicas en relación coa prescrición facultativa.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Realizouse un enceramento diagnóstico.
CA2.2 Enumeráronse os requisitos xerais para o modelo e os requisitos de deseño na confección dunha férula radiolóxica en paciente edéntulo parcial.
CA2.3 Confeccionouse mediante aparello de estampaxe ao baleiro unha férula radiolóxica para paciente edéntulo parcial.
CA2.4 Fabricouse unha férula radiolóxica para paciente edéntulo parcial segundo o método de enceramento e acrílico.
CA2.5 Definíronse os requisitos que debe cumprir o duplicado e a prótese completa dun paciente edéntulo total.
CA2.6 Elaborouse unha férula radiolóxica mediante o duplicado da prótese nun paciente edéntulo total.



Criterios de avaliación
CA2.7 Confeccionouse unha férula cirúrxica a partir do enceramento diagnóstico.
CA2.8 Valorouse o deseño asistido por computador de férulas cirúrxicas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Enceramento diagnóstico: utilidade e técnica. Requisitos xerais para o modelo nunha férula radiolóxica. Requisitos de deseño xerais nunha férula radiolóxica. Confección de férula radiolóxica en edéntulo parcial. Férula radiolóxica en edéntulo total: confección da férula radiolóxica. Requisitos da férula cirúrxica. Férulas para cirurxía guiada.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Próteses fixas implantosoportadas	35

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona próteses fixas implantosoportadas, para o que interpreta a prescrición facultativa.	SI



4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Clasifícanse os tipos de próteses fixas implantosoportadas.
CA3.2 Diferenciáronse as indicacións, os inconvenientes e as particularidades biomecánicas das próteses fixas implantosoportadas.
CA3.3 Confeccionouse a estrutura metálica e comprobouse se existe axuste pasivo.
CA3.4 Cortouse a supraestrutura cun disco de carborundo o máis próximo posible ao parafuso desaxustado e uníronse ambas as partes mediante soldadura.
CA3.5 Fabricouse unha chave de silicona a partir da confección dos dentes en cera.
CA3.6 Elaborouse a estrutura metálica coas dimensións e a inclinación adecuadas facilitadas pola chave de silicona.
CA3.7 Aplicáronse á estrutura metálica as capas de porcelana e realizouse a cocción no forno.
CA3.8 Acondicionouse o produto e rexistrouse segundo criterios e normativa de carácter técnico-sanitario.
CA3.9 Aplicouse a lexislación no tratamento de residuos e protección ambiental.

4.5.e) Contidos

Contidos
Clasificación.
Prescripción facultativa.
Próteses fixas aparafusadas sobre implantes.
Próteses fixas cementadas sobre implantes.
Acondicionamento do produto.
Legislación sobre residuos e protección ambiental.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Sobredentaduras	36

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Confecciona sobredentaduras sobre implantes, en relación coa prescrición facultativa.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as características do traballo solicitado na receita protésica en sobredentaduras sobre implantes.
CA4.2 Describiuse o protocolo de traballo en sobredentaduras mucosoportadas e de soporte mixto.
CA4.3 Analizáronse os sistemas retentivos das sobredentaduras.
CA4.4 Elaborouse a prótese con barras, con sistema Locator ou con bólas como elementos retentivos.
CA4.5 Definiuse o axuste pasivo.
CA4.6 Definíronse as características dos compoñentes dunha sobredentadura de soporte implantario.
CA4.7 Confeccionouse a mesoestrutura e a supraestrutura.
CA4.8 Acondicionouse o produto para proceder á súa embalaxe e á súa entrega segundo os criterios e normativa técnico-sanitaria establecida.
CA4.9 Rexistráronse os datos na documentación técnico-sanitaria.



4.6.e) Contidos

Contidos
Clasificación das sobredentaduras segundo a vía de soporte.
Tipos de sistemas retentivos: barras, Locator e bólas.
Sobredentaduras mucosoportadas e de soporte mixto.
Axuste pasivo: técnica.
Sobredentaduras implantoportadas.
Confección.
Acondicionamento do produto.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

A avaliación será continua durante todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para poder superar o módulo, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos contidos reflectidos nos criterios de avaliación considerados mínimos exixibles (CAME) para cada unha das unidades didácticas da presente programación (apartado 4.c). Deste xeito, búscase garantir que o alumnado acade os resultados de aprendizaxe e, polo tanto, as competencias profesionais, persoais e sociais correspondentes. A avaliación será realizada por unidades didácticas (UD) e nela valorarase se o alumnado supera os instrumentos de avaliación (IA_is) establecidos para os criterios de avaliación de cada unidade.

Que un CA se declare como mínimo esixible implica que o alumnado deberá superar (nota igual ou maior a 5 sobre 10) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a unidade didáctica. Pola contra, non será necesario superar as probas relacionadas con CAs que non sexan declarados mínimos exixibles sempre que a nota global da UD (tendo en conta as ponderacións dos instrumentos de avaliación) sexa aprobado.

Para cualificar ao alumnado aplicaranse os seguintes Instrumentos de Avaliación e Criterios de Cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:



- **PROBAS ESCRITAS (PE)**, que poderán constar de:

- Preguntas de desenvolvemento ou preguntas de resposta curta. Nas preguntas poderán incluírse, entre outros, imaxes, gráficos e táboas.
- Preguntas test. As preguntas terán 4 opcións de respostas nas que só será correcta unha delas. As respostas incorrectas penalizarán/descontarán, tal e como se indicará nas instrucións de realización de cada exame (habitualmente, tres incorrectas descontarán unha correcta).
- Preguntas de sinalar verdadeiro ou falso.
- Traballos, proxectos e actividades do alumnado, individualmente ou por grupos (neste último caso, a cualificación poderá facerse individualmente, atendendo a distintos criterios como a contribución de cada alumna/o ó traballo/actividade, exposicións de contidos, etc.). Os traballos ou actividades poderán versar, entre outros, de: comprensión e/ou resumos de artigos, temas de libros, esquemas, traballos de sínteses de contidos, resolución de casos prácticos ou problemas, etc.

- **LISTAS DE COTEXO (LC)**: tentan a reflexar en termos de "sí" ou "non" a realización dunha tarefa por parte do alumnado.

- **TÁBOAS DE OBSERVACIÓN (TO)**: empréganse como no caso anterior, para o control dunha tarefa pero permitindo termos máis amplos, como no caso de: "moi ben", "ben", "regular" ou "ma". Ou tamén poden ser dun xeito máis específico e detallado como no caso das rúbricas que a súa vez poden subdividirse en cualitativas e cuantitativas.

- **OUTROS (OT)**: IA especial sería aquel que avalía o traballo escrito feito, ou un boletín de prácticas. Neste suposto empregaremos as LC ou as TO como IA.

NOTA: os mínimos exixibles aquí establecidos poderán variar segundo a metodoloxía levada a cabo polo grupo, polo que, no caso de que varíe a cualificación de mínimo exixible a non mínimo exixible (ou viceversa) esta modificación será recollida no seguimento mensual e comunicado expresamente na clase.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a cualificación do alumnado teranse en consideración criterios conceptuais e procedimentais, e na nota da/o alumna/o ponderarán os compoñentes que se relata a continuación:

- Cada un dos CAs terá un valor orientativo na cualificación.
- Cada Instrumento de Avaliación (IA) orixina unha nota que, coa ponderación correspondente a cada CA, da a suma o total de cada UD e do módulo final.
- Proba de exame escrita de preguntas de desenvolvemento e/ou curtas e/ou tipo test e/ou de relacionar e/ou de imaxes relacionadas cos contidos das Unidades didácticas que se avalíen. Estas probas teóricas basearanse nas cuestións relacionadas propostas en cada Unidade didáctica. (De non acudir ás probas de este apartado, salvo que sexa por un motivo xustificado segundo a normativa vixente, o alumno acudirá con esa parte ao exame final).
- Actividades e ou traballos de diferente índole, que poderán consistir en fichas de traballo, participación en foros, análise de papers e/ou noticias, exposición de traballos, interpretación de PNTs, etc...

Na corrección dos traballos terase en conta a estrutura, contidos mínimos segundo o especificado polo profesorado (cantidade e calidade, creatividade e innovación, organización, coherencia co tema da actividade proposta, entre outros), e presentación dos mesmos (claridade expositiva, limpeza, coidado no deseño, formato, etc.). No caso de traballos de realización grupal, ademais de todo o anterior, tamén se terá en conta a



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

exposición individual do traballo , a capacidade en equipo e a división do traballo, todo segundo TÁBOA DE OBSERVACIÓN. O alumnado deberá realizar as tarefas en tempo e forma, respectando os prazos de entrega. Cando algunha entrega non se realice en tempo e forma, quedará reflectido na nota final que poderá acadar neste apartado

- Traballo no laboratorio: Calcificarase de xeito individual o traballo diario, a orde, limpeza, traballo en equipo, cumprimento dos grupos de limpeza semanal, correcta utilización e manipulación dos materiais e equipamentos de traballo realizados, o cal será avaliado seguindo TÁBOA DE OBSERVACIÓN.
- Coa finalidade de repasar a adquisición de contidos por parte do alumnado durante ou ao rematar unha UD, estableceranse unhas Actividades de Repaso que poderán consistir en xogos, dinámicas, fichas de traballo, exercicios de relacionar, etc, sobre os mencionados contidos. Ditas actividades, serán CALIFICADAS cando se realice a entrega de como MÍNIMO o 50 % delas, en caso contrario, a nota deste apartado será dun 0 SOBRE 10. A partir de a entrega do 50 % das actividades de repaso, estas serán puntuadas de 0 a 10 e a nota dividida entre o total de actividades entregadas para obter a NOTA FINAL. O máximo de puntos será de 0,5 que se engadirá á nota final do módulo. Estas actividades serán realizadas e corrixisas o mesmo día da súa entrega, polo que aquel alumnado que o día de realización das mesmas non acuda a clase, con ou sen xustificación, NON poderá realízalas A POSTERIORI.
- No caso de ofertárense Actividades optativas a CUALIFICACIÓN de ditaa actividades será sumada a NOTA FINAL únicamente a aquelas persoas que realicen a súa entrega, no caso contrario este apartado terá unha nota dun 0 sobre 10 e a nota dividida entre o total de actividades entregadas para obter a NOTA FINAL. O máximo de puntos será de 0,5 que se engadirá á nota final do módulo. O alumnado deberá realizar as tarefas en tempo e forma, respectando os prazos de entrega. Cando algunha entrega non se realice en tempo e forma, quedará reflectido na nota final que poderá acadar neste apartado

NOTA:

*A cantidade de probas escritas a realizar serán establecidas polo profesorado segundo características do alumnado e temporalización do módulo.

** No caso de que non haxa outros instrumentos de avaliación a proba ou probas escritas suporán o 100% da cualificación da unidade didáctica

*** Os instrumentos de avaliación aquí establecidos poderán variar segundo a metodoloxía levada a cabo polo grupo, polo que, no caso de que haxa algunha modificación será recollida no seguimento mensual e comunicado expresamente na clase.

****A detección de fraude, na realización de calquera dos apartados anteriores suporá a cualificación de 0 puntos no apartado considerado. Ao igual que no caso de copia ou tentativa de copia durante a realización dunha proba, implicará un suspenso de esa proba de todo o alumnado implicado. Se durante o desenvolvemento das probas o alumnado incorrese no uso, non autorizado previamente pola profesora, de dispositivos dixitais (teléfono, auriculares, etc), ou en calquera outra circunstancia que altere o normal desenvolvemento da proba ou actividade, e/ou que comprometa a seguridade e integridade das persoas, do material e/ou do equipamento, será expulsados da aula e a proba será calificada como non superada (suspensa).

*****Está prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación entre alumnado e o exterior da aula.

AVALIACIÓN

A avaliación será realizada por unidades didácticas e nela se valorará se o alumnado supera os instrumentos de avaliación establecidos para os criterios de avaliación de cada unidade. Para superar unha unidade será necesario obter un mínimo dun 5 sobre 10 en cada instrumento asociado a CAMEX e a nota de dita UD terá que ter un valor igual ou superior a 5.

A nota do boletín será a proporcional en peso ás UD vistas ata o momento da mesma, é dicir, a nota da avaliación trimestral será a media ponderada das notas dos diferentes IAs asociados aso CAs da/s unidade/s didáctica/s.



No caso das PE, realizarase un exame por cada unha ou varias UD, en función do tempo adicado a cada unidade. No caso de probas escritas de mais dunha unidade didáctica, as preguntas e o contido relativo a cada unha delas estarán claramente indicadas e delimitadas no mesmo, permitindo a avaliación independente de cada unidade.

A cualificación será un número enteiro. Se o decimal que acompaña á cualificación é inferior a 0,5 o número enteiro resultante será o inmediatamente inferior. Se o decimal que acompaña á cualificación da unidade é igual ou superior a 0,5 o número enteiro resultante será o inmediatamente superior.

NOTA: Se a nota global resultante é de 5 puntos ou superior pero ten suspensa algunha proba asinada a un CAMEX, a nota da avaliación trimestral será como máximo de 4 (suspense). Pola contra, non será necesario superar as probas relacionadas con CAs que non sexan declarados mínimos esixibles sempre que a nota global da UD (tendo en conta as ponderacións dos instrumentos de avaliación) sexa aprobado.

NOTA FINAL DO MÓDULO

Seguirase o mesmo procedemento descritos anteriormente; tendo en conta que, para acadar a nota final, cada UD ten unha ponderación visible no punto 3 esta programación. A suma das notas de cada UD, aplicándolle a ponderación correspondente, supón o 100% da nota final do módulo. Para superar o módulo será necesario superar cada UD cunha NOTA MÍNIMA dun 5 sobre 10. O alumnado será cualificado atendendo aos criterios e instrumentos anteriormente sinalados cunha nota numérica de 1 a 10, sen decimais. Considerarase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior en cada avaliación.

* Observacións:

Se non se prevé ou non é posible a realización dalgún criterio de avaliación citados no apartado 4 da programación nalgunha das unidades didácticas, a porcentaxe de dito apartado distribuirase entre o resto dos criterios da unidade á que pertence. A imposibilidade de realización da mesma, quedará reflexada no seguimento de dita programación.

As datas de exame serán establecidas polo profesorado do módulo correspondente, e só se farán exames extraordinarios fora de ditas datas por motivo de forza maior segundo a NORMATIVA DO CENTRO e SEMPRE, coa correspondente xustificación escrita de dita falta.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere a cualificación positiva (maior ou igual a 5 sobre 10) nunha unidade didáctica deberá realizar actividades de recuperación antes do final da 2ª avaliación en marzo.

Estas actividades consistirán no repaso e reforzo de contidos, repetición de actividades e problemas, así como resolución das posibles dúbidas que poidan xurdir entre o alumnado. Para a avaliación empregaranse os mesmos instrumentos utilizados ao longo do curso, é dicir, as probas escritas descritas no apartado 5 desta programación.



- Aquel alumnado que teña unha UD suspensa por non ter un CAMEX valorado positivamente no momento ordinario, a pesar de que o cómputo final da UD sexa unha nota igual ou superior a 5. O procedemento establecido para permitir acadar unha nota positiva, será o mesmo. Farase nunha sesión unha PE que recolla os distintos IAs definidos como PE. Faranse noutra sesión os procedementos prácticos requiridos en canto aos IAs que son LC ou TO-V. Cada alumna/o só fará á recuperación dos IAs que ten pendentes asociados a CAMEX.

- No caso de ter unha UD suspensa cunha nota inferior a 5, tendo en conta a porcentaxe da cada un dos CA da mesma, o alumnado terá que facer a recuperación de toda a UD. O procedemento, será o mesmo que descrito no parágrafo anterior, tendo en conta, neste caso, TODOS os CA da UD.

Para superar unha unidade didáctica pendente será necesaria a consecución dun mínimo de 5 sobre 10. No caso de que a cualificación obtida sexa inferior a 5 sobre 10, a cualificación non poderá ser superior a 4 (suspenso).

ALUMNADO CON UNHA OU MAIS AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de xullo do 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 xullo 2011): O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, a profesora asignaralle unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. segundo CALENDARIO ESCOLAR.

O informe de avaliación individualizado conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

A proba de avaliación final terá a mesma natureza que as realizadas ao longo do curso. Para ter unha avaliación positiva nesta proba final se deberá acadar un mínimo dun 5 sobre 10. No caso de que a cualificación obtida sexa inferior a 5 sobre 10, a cualificación final non poderá ser superior a 4 (suspenso).

Nota:

No caso de que a parte suspensa nunha UD determinada sexa a proba escrita, pero as actividades aparelladas con LC e/ou TO/OT relacionadas con esa UD estiveran superadas cunha nota igual ou superior a 5 no transcurso do curso ordinario, non sería necesaria a repetición de ditas actividades (e viceversa).



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación é continua, polo tanto, é necesaria a asistencia regular do alumnado. O alumnado no que a suma de faltas de asistencia sexa superior ao 10% das horas totais do módulo (16 faltas) e o 5% de faltas xustificadas (no ámbito laboral) perderá o dereito a avaliación continua. Neste suposto, hai que propoñer unha avaliación alternativa extraordinaria na que teremos que facer dúas sesións non necesariamente en días distintos.

Realizaremos a exploración dos CA da materia, dun xeito proporcionado á ponderación de cada CA e cada UD. Así, na primeira sesión farase unha proba escrita na que e nunha 2ª sesión avaliaremos os CAs que levan aparelados LC e TO.

Nestas mesmas sesións, ofertarase ao alumnado que, non habendo perdido o dereito á avaliación continua, teña algún CA valorado negativamente ao longo do curso. As probas realizaranse ao tempo das anteriores pero restrinxidas aos CAMEX ou UD non superados ata o momento.

CONTIDO DO EXAME EXTRAORDINARIO PERDA DE AVALIACIÓN

1º Parte. Proba teórica (IA: PE)(eliminatória): versará sobre os contidos teórico e teórico - prácticos da programación. Poderá consistir en preguntas tipo test, resposta curta o desenvolvemento de contidos do módulo.

Dita proba será de carácter excluínte, de xeito que o alumnado que non supere dita proba non poderá acceder a realización da seguinte parte. A duración máxima desta parte será de 2 horas.

É necesario acadar un mínimo dun 5 sobre 10 para superar o módulo. No caso de que a cualificación obtida sexa inferior a 5 sobre 10, a cualificación final non poderá ser superior a 4 (suspense).

2º Parte. Proba práctica (IA tipo: LC- TO/OT) (eliminatória): versará sobre os contidos prácticos e teórico - prácticos da programación. Poderá consistir en desenvolver algún concepto práctico segundo os contidos da programación e/ou contestar preguntas tipo test, resposta curta o de desenvolvemento referidos os mencionados contidos. Dita proba será de carácter excluínte, de xeito que aquelas persoas que non a superen terán o módulo suspense. A duración máxima desta parte será de 2 horas.

Para acadar a cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria haberá que acadar unha nota mínimo de 5 sobre 10 en cada unha das probas, tendo en conta que se o alumnado acada una nota inferior a 5 nalguna delas, non poderá superar o módulo. Calculárase a nota final da avaliación extraordinaria como a media aritmética da cualificación das dúas probas, e exprésase sen decimais aproximando ao número enteiro máis próximo.

NOTA:

*Poderase modificar a porcentaxe de cualificación das probas teórico e práctica, e/ou a suspensión e/ou substitución por outras actividades dalguna delas, segundo criterio do profesorado, o centro educativo, previa notificación o alumnado afectado.

**Permitirase a realización de determinadas actividades aos alumnos/as que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que non impliquen algún tipo de risco para si mesmos, para o resto do grupo ou para as



instalacións do centro.

*** A proba poderá coincidir coa das Probas libres, se a convocatoria o permite.

**** A proba extraordinaria de avaliación consistirá en dúas partes, que poderán ser convocadas en días diferentes.

***** Se durante o desenvolvemento das probas se detectase copia ou intento de copia, ou o alumnado incorrese no uso non autorizado previamente pola profesora de dispositivos dixitais (teléfono, auriculares, etc), ou en calquera outra circunstancia que altere o normal desenvolvemento da proba ou actividade, e/ou que comprometa a seguridade e integridade das persoas, do material e/ou do equipamento, o alumnado implicado será expulsado da aula e a proba será calificada como non superada (suspensa).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos ou peticións de opinións aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento da programación realizarase nesta plataforma seguindo as indicacións dadas polos organismos competentes.

No caso de modificacións na programación, xustificarse debidamente e deixarse o correspondente modelo de Seguimento da programación (MD85PRO01) anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional.

Ó final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD85PRO01) na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase una avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo, así como a detección das posibles dificultades do alumnado.

Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o tutor/a.

O tutor/a recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquer tipo de discapacidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a tutor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Estas medidas implementaranse no caso de alumnos/as nos que se detecten necesidades educativas especiais. Este alumnado require apoio e unha atención educativa diferente á ordinaria debido a dificultades específicas de aprendizaxe, discapacidades físicas coma déficit visual ou auditivo ou altas capacidades intelectuais coma, por exemplo, trastornos do espectro autista como a síndrome de Asperger. As necesidades educativas especiais requiren adaptación de medios así como actividades de reforzo e ampliación. Nestes casos, o departamento de Orientación en colaboración co equipo docente elabora un plan de atención especializada para garantir a normalización educativa, a inclusión e a individualización.

Tomaranse as medidas que se consideren necesarias para garantir o normal desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e, deste xeito, manter o dereito do alumnado a recibir unha formación axeitada e adaptada á súa situación.

Adaptaranse aqueles aspectos susceptibles de modificación que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo. Dado que na formación profesional non teñen cabida as adaptacións curriculares, non é posible reducir as competencias nin os contidos que o alumnado debe acadar. Non obstante, si se poden adaptar os seguintes elementos: -

Tarefas: por exemplo, entregar os enunciados de exercicios e problemas en letra de tamaño grande (>15 p.) e dobre espazo interlineal para facilitar a lectura do alumnado con déficit visual ou dislexia.

- Espazos: por exemplo, invitar dun xeito discreto a un/unha alumno/a con problemas de visión a sentarse nas primeiras filas na aula ou manter sempre o mesmo posto en aula a un estudante coa síndrome de Asperger xa que ás veces poden alterarse ao saír da rutina.

- Tempos: por exemplo, proporcionar máis tempo para realizar as probas escritas e exercicios a alumnos/as con problemas de cálculo, dificultades de comprensión lectora ou con trastorno por déficit de atención (TDA).

- Recursos e modalidades de avaliación.

Corresponde ao/á tutor/a do grupo, en coordinación co departamento de Orientación e o equipo docente, o seguimento e a avaliación das adaptacións individuais que se fagan.

As medidas a implementar poden basearse na realización das seguintes actividades:

- Actividades de reforzo educativo: consistirán en actividades de aprofundamento e adaptación de elementos do currículo para aqueles estudantes que teñan dificultades de aprendizaxe ou dificultades na realización de



certas tarefas.

- Actividades de ampliación: para alumnado con altas capacidades, avantaxado ou con interese especial na materia, é dicir, aquel que resolve as tarefas correctamente e sen dificultades en pouco tempo con respecto á maioría de compañeiros/as.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación en valores supón ampliar o alcance da educación no eido moral e cívico para formar cidadáns responsables, con valores e sentido crítico, e non limitarse á ensinanza-aprendizaxe de conceptos, procedementos e técnicas relacionadas co módulo. Dende un punto de vista socioeducativo, os valores orientan o comportamento humano cara a transformación social e a realización da persoa. Son guías que orientan a conduta e a vida de cada individuo e grupo social.

Polo tanto, entre os principais obxectivos da práctica educativa tamén estarán:

- Educación para a igualdade: promover na aula a igualdade entre mulleres e homes, organizar os grupos de traballo en equipo mesturando ambos xéneros equitativamente, integrar ao alumnado con discapacidade e a integración do alumnado estranxeiro, a través de actividades interactivas e colaborativas, non só transmisivas, etc.
- Educación para o respecto á diversidade sociocultural, relixiosa e sexual: fomentar na aula a tolerancia e a igualdade de oportunidades con independencia da clase social, cultura, relixión ou orientación sexual.
- Educación para a convivencia: promover o respecto mutuo, a igualdade no trato e a liberdade de pensamento. Tamén se favorecerá o traballo en equipo e a solidariedade entre o alumnado.
- Educación para a saúde laboral: estimular a hixiene, hixiene postural, seguridade na aula e hábitos de vida saudable, considerando á saúde coma un valor fundamental. A saúde laboral é esencial para a prevención de riscos laborais e será traballada de xeito transversal xunto co módulo profesional de Formación e Orientación Laboral (FOL).
- Educación ambiental: promover o coidado do medio ambiente, fomentar a reciclaxe e o tratamento correcto dos residuos xerados na aula e laboratorios.1.-Educación ambiental: xa que é fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e fomentar o correcto emprego dos medios dos que se dispón.

-

-Dende este módulo contamos con elementos para concienciar ao alumnado:

- Usando unha linguaxe non discriminatoria e inclusiva.
- Facendo grupos mixtos de traballo.
- Distribuindo as tarefas, roles, na mesma medida entre todo o grupo por igual.
- Fomentando a participación de cada persoa sen distincións de sexo. Igualdade de trato.



O profesor/a traballará amosando actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos de xénero, lingüísticos, relixiosos, físicos, de clase social, e aos prexuízos, utilizando o diálogo como medio de traballo nos grupos e na clase.

Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades e transversalmente.

Ademáis, recoñecendo e valorando a diversidade como feito enriquecedor, aproveitaremos a realidade plural que pode existir na clase cando compartamos espazos, tempos, actividades, materiais e experiencias.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Poderán organizarse actividades complementarias de formación (ACF) que encaixen co currículo do módulo, que serán valoradas nas xuntanzas do equipo docente do ciclo.

Poderán levarse a cabo actividades extraescolares relacionadas co ciclo que teñan lugar ao longo dos dous trimestres previos a FCT. Contémplase a posibilidade de convocar ó alumnado durante o periodo de prácticas de FCT para a asistencia e participación en ACF de relevancia e interese para a súa formación, e que non puidesen ser programadas durante os dous primeiros trimestres.

Algúns exemplos de actividades que, de darse a oportunidade, poderían ser programadas son:

- Charlas, cursos, congresos, visitas a laboratorios, institucións ou organismos que lle permitan ó alumnado coñecer profesionais, técnicas, materiais, equipos, programas informáticos, etc., que non podan ver na aula e que supoñan un valor engadido para a súa formación profesional.

Sempre e cando o desenvolvemento da programación, os horarios e os modelos organizativos do centro o permitan, o alumnado participará nas actividades complementarias de carácter xeral que organice o CIFP como:

- Día internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro, 1a avaliación).

- Día internacional das persoas con discapacidade (3 de decembro, 1a avaliación). - Día escolar da non violencia e a paz (30 de xaneiro, 2a avaliación).

- Día internacional da muller (8 de marzo, 2a avaliación).

10. Outros apartados**10.1) Información ó alumnadoe COVID-19**

Ó comezar o curso o profesorado explicará na aula ó alumnado os contidos principais da programación didáctica do módulo. Dita programación terá inicialmente carácter provisional, e poderá sufrir modificacións ata o seu peche e aprobación, para acadar a consideración de programación definitiva do módulo. A programación definitiva estará a disposición do alumnado na aula virtual do CIFP Manuel Antonio, como documento de referencia e/ou consulta ao longo de todo o curso.

10.2) Teledocencia

A presente programación contempla como escenario posible unha eventual crise sanitaria (como a causada pola COVID-19), na que tanto a docencia como a avaliación presenciais no centro educativo puidesen quedar limitadas ou, chegados ao extremo e seguindo as directrices oportunas das autoridades sanitarias, canceladas. Chegado o caso dun eventual confinamento que impida a presencialidade do alumnado, tanto a actividade docente como a avaliación continuarían de forma telemática, empregando os medios e as ferramentas dixitais oportunas. Os criterios de avaliación anteriormente detallados, serán igualmente válidos de producirse as devanditas circunstancias de confinamento.

De ser o caso de que a educación a distancia non permitira aplicar os instrumentos de avaliación establecidos inicialmente nesta programación, tamén se poderán facer modificacións nos instrumentos de avaliación dos diferentes CA que compoñen cada UD. Estas posibles modificacións poderían incluír a realización de probas orais ou escritas telemáticas, a través de aplicacións que permitan elaborar formularios sobre os contidos do módulo, establecendo límite de tempo e coa posibilidade de visualizar simultaneamente ao alumnado empregando os programas informáticos e as ferramentas dixitais oportunas (p.ex., ferramentas de videoconferencia, etc.).